

ACTA N° 36/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

Secretario accidental: D. José Rodríguez Veloso.

Na Casa do Concello de Moaña, o 17 de agosto de 2009, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 09:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 09:30 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 35/09, do 10/08 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 145/09 – D. JOAQUIM MANUEL DA SILVA FERREIRA solicita a construción dunha caseta auxiliar para útiles de labranza, situada no barrio de Verdeal, Domaio, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 14.07.09; superficie construída: 12,50 m², orzamento das obras: 3.112,60 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de agosto de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CASETA AUXILIAR PARA ÚTILES DE LABRANZA/OBRA MAIOR)
INFORME: **Procede licenza** de acordo co proxecto presentado.

Non require informes sectoriais.
No expediente consta estudo básico de seguridade e saude.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións..... 87,15 €
Taxas licenza urbanística..... 65,00 €
Cartel obra.....110,00 €

2.B) EXPTE. 154/09 – D. ALEJANDRO MALVIDO CANCELAS presenta estudo técnico para saneamento, pintado de fachadas e enfoscado en tabiquería interior de vivenda unifamiliar, sita no barrio de Fontes, núm. 211, Tirán-Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo, SLP, sendo o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado o día 16.07.2009; orzamento: 1616,89 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de agosto de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA OBRAS DE CONSERVACIÓN

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outógase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da edificación con destina a vivenda unifamiliar para saneamento e pintado de fachadas e do enfoscado e pintado da tabiquería interior existente conforme se define na memoria constructiva do proxecto así como a preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saude.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións..... 45,27 €
Taxas licenza urbanística..... 65,00 €
Cartel obra.....110,00 €

2.C) EXPTE. 96/09 – D.ª AURITA VILLEGAS CALVAR presenta estudo técnico para saneamento de fachada de vivenda unifamiliar situada no barrio de Verdeal, núm.

54, Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Rios, visado o día 30.07.08.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de agosto de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autarización do Servizo de Infraestruturas de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A presente licenzia outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na conservación e saneamento da fachada lateral da edificación conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	32,92 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel obra.....	110,00 €

2.D) EXPTE. 137/09 – D.^a CARMEN GONZÁLEZ GONZÁLEZ presenta estudo técnico para cambio de tella, situado en Calvar nº 17, Domaio, de conformidade co proxecto presentado e redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 3 de xullo de 2009; superficie total 200,61 m²; orzamento das obras 9.672,05 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de agosto de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA CAMBIO DE TELLA

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización do Servizo de Infraestruturas do Departamento territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta. Cambio de tella previa colocación de rastreles sobre planchas asfálticas onduladas, colocación de canalóns e baixantes e pintado de voos da cuberta co

mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria constructiva do proxecto así como a preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	270,82 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel obra.....	110,00 €

2.E) EXPTE. 03/09 – TEATRO DO MORCEGO, S.L. presenta proxecto básico para plató de grabación e hotel-apartamentos de dous estrelas, na Xalde – San Martiño, de conformidade co proxecto presentado, redactado poo estudo de arquitectura JH. ARKMO, visado na data 29.12.2008; orzamento das obras 402.947,52 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de agosto de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO PARA PLATÓ DE GRABACIÓN E HOTEL APARTAMENTOS
INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución
No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 12 de marzo de 2009 para Ordenanza 7.

Non require informes sectoriais.

Cédese 114,95M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 2070,32 euros, contía que responde aos gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 1455,31 M/2.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

Á presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002 reformada pola 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), disposición transitoria primeira 1, e) consecuencia da aplicación das determinacións para núcleo rural da LOUGA coas maiores limitacións do planeamento municipal aprobado ao abeiro da Lei 11/1985.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	11.282,53 €
Taxas licenza urbanística.....	1.007,37 €
Cartel obra.....	110,00 €
Conexión sumidoiros.....	180,00 €

3.- PARCELACIÓNS

Visto o expediente instruído a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

- **EXPTE. 163/09 – D^a MARÍA ISABEL, D. ROBERTO LUIS E D. JESUS MANUEL TRIGO DURÁN** presentan traballo de parcelación de terreo de 842 m², sito no lugar da Bouza, 32, do barrrio da Praia, de conformidade co traballo presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado na data 10.07.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal de data 10 de agosto de 2009, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: **Procede licenza de parcelación.**

Finca matriz de 842,00 M/2 que se dividen dous parcelas “A” e “B” de 384,00 e 458,00 M/2 respectivamente, de acordo coa documentación técnica do proxecto visado con data de 10/07/2009 polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da Coruña.

Sen prexuízo das servidumes que queden establecidas entre predios.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 110,00€

4.-PECHE

Visto o expediente instruído a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 164/09 - D. JOSÉ MANUE RODAS PASTORIZA E D.^a ANA MARÍA EIROA PENA, presentan anteproxecto de cerramento de parcela de 40,64ml por 1,80 m de altura, a lindantes, a base de bloques de formigón, postes e tela metálica, no lugar de Sixalde, do barrio do Redondo, de confomidade co anteproxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado na data 12.06.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de agosto de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE DE PARCELA (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Non require informes sectoriais

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 43,09 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

5.A) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D. JOSÉ MARÍA GARCÍA FRANCISCO

Vista a solicitude de D. JOSÉ MARÍA GARCÍA FRANCISCO na que presenta proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado o 31 de xullo de 2009, correspondente ao expediente nº 280/2008,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 6 de xullo de 2009, que di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 280/08 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 280/2008.**

5.B) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D. JOSÉ LUIS SANTOMÉ BOUBETA

Vista a solicitude de D. JOSÉ LUIS SANTOMÉ BOUBETA na que presenta proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado o 29 de xullo de 2009, correspondente ao expediente nº 107/2008,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 6 de xullo de 2009, que di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 107/08 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 107/2008.**

5.C) ARQUIVO PROVISIONAL DE EXPEDIENTE

EXPTE. 158/09 – CASAS BELAS LA GRANDE, S.L. presenta proxecto de acondicionamento e instalación dun local destinado a supermercado de alimentación, situado na estrada C550, A Xunqueira-Reibón, Meira, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado pola enxeñeira técnica industrial D.^a Juana Suárez Estévez, visado o día 29.07.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 10 de agosto que literalmente di:

ASUNTO: ADAPTACIÓN DE LOCAL PARA IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADE DE SUPERMERCADO DE ALIMENTACIÓN. (OBRA MAIOR).

INFORME:

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xúño de 1955- especifica que con arreglo o proxecto presentado, a edificación dun inmueble se destinará a establecemento de características determinadas, non se otorgará a licenza de obras sin o outorgamento da licenza de apertura si fose procedente.

Abondando an cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto duna soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A actividade por ser comercio polo miúdo de alimentos e bebidas superior a 400 metros cadrados sométese o Decreto 133/2008, de 12 de xuño de Avaliación da incidencia ambiental.

Dado a existencia de informes sectoriais de outras administracións concorrentes – as propias da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e da Consellería de Sanidade- no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, **proponse o arquivo provisional deste expediente de obra, pospoñendo calquer inicio de obras** en tanto non se remate o trámite da licenza de actividade

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/ construcións.....	1.578,32 €
Taxa licenza urbanística	140,92 €
Cartel de obra	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico municipal, acorda **o arquivo provisional do expediente n° 158/09 en tanto non se remate o trámite da licenza de actividade.**

6.- LICENZAS DE APERTURA

- **EXPTE. 07/09 – D. Juan Carlos Nogueira Calvar en representación de MONTAJES INDUSTRIALES CATISA, S.L.** solicitou mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 16 de febreiro de 2009, licenza de apertura para establecer un local de Almacén de tubería e Perfilería metálica, na Baixada ao Cocho (A Guía), 211 A semisoto,

En data 17 de xullo de 2009 o señor Nogueira achega documentación final da obra do acondicionamento do semisoto, visado o 17.07.2009.

Visto o informe do aparelador municipal do 11 de agosto de 2009, que literalmente di:

LICENCIA DE APERTURA: 07/09

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A ALMACÉN.

PETICIONARIO: MONTAJES INDUSTRIALES CATISA, S.L.

SITUACIÓN: BAIXADA O COCHO. AGUÍA.MEIRA.

INFORME: Procede licenza de apertura para establecemento comercial destinado a ALMACÉN a favor de MONTAJES INDUSTRIALES CATISA, S.L.. Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 20/09 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 16 de marzo de 2009.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipa para a zona determina a súa compatibilidade. Queda prohibida o uso industrial.

No expediente consta certificado de illamento acústico.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (Artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reunen as condicións do proxecto, así como comprobación verificada polo técnico qu subscribe

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 500 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **MONTAJES INDUSTRIALES CATISA, S.L.** licenza para a implantación da actividade de

ALMACÉN DE TUBARÍA E PERFILERÍA METÁLICA no local situado na rúa Baixada ao Cocho (A Guía), 211A, semisoto, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

7.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
CULTURA	Agasallos certame XII festival folclórico de Domaio 09 (4 placas)	RÍO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	4510-22601 RC 1254	80,04 €
CULTURA	Gastos de representación exposición artística “Mar e Arte”	LA NUBE ROSA, S.L.	4510 22601 RC 1255	181,26 €
CULTURA	Megafonía Festa do Leñador 2009	MONTAJES OGANDO, S.L.	4510 22607 RC 1256	650,00 €
SERVIZOS	Material para o tractor de praias	AGRÍCOLA ORENSANA	5110 21400 RC 1253	322,02 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

8.- PROPOSTA DA CASA DA MOCIDADE: CAMPO DE TRABALLO

Visto o informe proposta sobre o campo de traballo do 14 de agosto de 2009 no que se recolle:

ASUNTO: co obxectivo de promover as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural e de formar ós participantes

en actividades relacionadas co voluntariado e o tempo libre utilizado como medio a cultura marítima tradicional da zona, durante este mes de agosto estase a desenvolver un campo de traballo sobre recuperacións de embarcacións tradicionais.

Este campo de traballo desenvólvese de acordo co convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Moaña mediante o cal se acorda achegar a contía de catorce mil cento trinta e tres euros (14.133 euros) con cargo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para que o Concello de Moaña poña a disposición dos participantes o aloxamento en réxime de pensión completa, as tarefas de limpeza e hixiene do lugar onde se aloxan, así como as saídas ou viaxes dos participantes durante o seu tempo de lecer.

PROGRAMA

O Campo de traballo desenvolverase en dúas quendas, unha do 1 ao 15 de agosto para mozos e mozas de 18 a 24 anos e outra do 17 ó 31 de agosto para mozos e mozas de 25 a 30 anos, en cada quenda participarán 20 mozos e mozas.

As actividades organízanse en horario de mañá para as tarefas de recuperación de embarcacións tradicionais, que se realiza na carpintería de ribeira da Asociación sueste, e no colexio de Reibón para o obradoiro de construción de vela e obradoiro etnográfico, e de tarde para a realización de actividades de tempo libre, que se desenvolverán no colexio de Reibón, en distintos contornos naturais do concello e mediante excursións a zonas de interese cultural e turístico de Galicia.

Para o desenvolvemento de dito proxecto o Concello facilitará ós mozos/as participantes:

- Aloxamento en réxime de pensión completa no colexio de Reibón durante as dúas quendas para os 20 mozos/as participantes e o persoal técnico colaborador (1 director do campo de traballo e 2 moitores de tempo libre), servizo de limpeza das instalacións que usan no colexio de Reibón (catro aulas onde durmen, baños, comedor e sala de obradoiros), servizo de hixiene de roupa de cama, servizo de duchas no colexio de Seara así como excursións dos participantes (dúas por quenda), unha pola zona do Morrazo e outra a Santiago de Compostela.

ORZAMENTO

Pedido presuposto para o desenvolvemento do campo de traballo achéganse a relación de empresas que fan o servizo:

- Amoedo Fragueiro, S.L. (Catering Arelas) realiza o servizo de catering por unha cantidade de 15 euros persoa/día (ive incluído), polo almuerzo, comida, merenda e cea. O primeiro día so cean e o último so almorzan o resto dos días fan tódolas comida, estímase que este servizo se fará para 23 persoas diariamente, pero debido a que pode aparecer algunha variación no numero de persoas que comen cada día, estímase unha cantidade aproximada de gasto de 9.500 euros.
- Algarba Servicios, S.L. realiza a limpeza do colexio de Reibón durante os trinta días que dura o campo de traballo por unha cantidade de 1676,20 euros (IVE incluído).
- Autocares Benito García realiza catro excursións (dúas por quenda), unha de medio día de duración pola zona do Morrazo (Bueu, Hío, Nerga) nun autobús de 25 prazas e outra todo o día a Santiago nun autobús de 25 prazas, pasando por Combarro e Pontevedra, o que supón unha cantidade total de 1500 euros (IVE incluído).
- Tintorería lavandería Higienesec cuxo representante legal é María del Carmen Piñeiro Guerra realiza o lavado de roupa de cama para o seu uso no campo de traballo por unha cantidade de 87,47 euros (IVE incluído).
- Transportes Antolín fai o transporte de camas (literas) dende Gandarío ata Moaña por unha cantidade de 832,76 euros (IVE incluído)
- Gasóleos del Morrazo Sanchilán, S.L. Servizo realiza o servizo de gasoil para o colexio de Seara onde os mozos/as se van duchar...

PROPOSTA

Aprobar o gasto de 13.793 euros para destinar ás empresas que fan os servizos para o campo de traballo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a realización desta actividade e autorizar e comprometer o gasto por importe de 13.793 €, con cargo á partida 4513 22610 RC 1257, en concepto de campos de traballo 2009.

9.- PROPOSTA DE ANULACIÓN DUNHA OBRIGA

Vista a proposta do interventor accidental do 17 de agosto de 2009, que di:

- 1.- Con data 09 de febreiro de 2009, pola xunta de goberno local acordouse tramitar un pagamento a xustificar por importe de 600 euros a favor da concelleira de servizos sociais, Libertad Cruz Couso, para a compra de agasallos para a recepción de nenos/as saharauís. Este acordo xerou o documento “O”, número 2009-275-0.
- 2.- En data 06 de xullo de 2009, días antes da recepción dos nenos, volveuse a xerar un documento “O”, número 2009-1045-0, polo mesmo importe, 600 euros, polo mesmo concepto, e a favor da mesma concelleira, Libertad Cruz Couso.
- 3.- En consecuencia, e vista a duplicidade dun documento “O” (obriga),

PROPONSE:

A anulación do documento “O” (obriga) número 2009-275-0, de data 09.02.2009, en concepto de gastos a xustificar a favor de Libertad Cruz Couso, por importe de 600,00 euros.

A xunta de goberno local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

10.- CERTIFICACIÓN PARCIAL Nº 4 DA OBRA “MELLORA DE ACCESOS Á ZONA INDUSTRIAL DO COCHO”.

Dáse conta da certificación parcial nº 4 da obra “MELLORA DE ACCESOS Á ZONA INDUSTRIAL DO COCHO”, presentada pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes,

Visto o informe favorable do interventor municipal emitido o 11 de agosto de 2009, para o recoñecemento da obriga.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación parcial da obra “Mellora de accesos á obra industrial do Cocho” nº 4, de data 30 de maio de 2009, polo importe de 50.036,43 €.

Segundo: Aprobar a factura nº 83/09, de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de data 30 de maio de 2009, polo importe de 50.036,43 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61115.

Terceiro: Remitirille o acordo á Consellería de Economía e Industria para a provisión de fondos.

11.- CERTIFICACIÓN ORDINARIA Nº 4 E LIQUIDACIÓN DA OBRA “PROXECTO MODIFICADO CAMPO DE FUTBOL DO CASAL 1º FASE (MOAÑA)”.

Dáse conta da certificación ordinarias nº 4 e liquidación da obra “PROXECTO MODIFICADO CAMPO DE FUTBOL DO CASAL 1ª FASE (MOAÑA)”, presentada pola empresa COVSA – CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A., asinada polo director de obra D. Alberto Moreno García,

Visto o informe da Intervención municipal do 14 de agosto de 2009, no que advirte da necesidade de completar o expediente administrativo coa incorporación de informe técnico no que se xustifiquen as causas da variación na execución das unidades de obra previstas no proxecto; e, emite reparo polo amplo e non xustificado incumprimento do prazo de execución das obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo do interventor municipal dado que as obras foron realizadas e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo: Aprobar a certificación ordinaria nº 4 e liquidación da obra “Proxecto Modificado Campo de Fútbol do Casal 1ª fase (Moaña)”, de data 31 de marzo de 2009, polo importe de 30.731,23 €.

Terceiro: Aprobar a factura nº 290361, de COVSA – CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A., de data 1 de abril de 2009, polo importe de 30.731,23 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4520.62200.

12.- CERTIFICACIÓN ORDINARIAS Nº 1, 2, 3, 4 E 5 DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FUTBOL DE MOAÑA”.

Dáse conta das certificacións parciais núms. 1 a 5 da obra “CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FUTBOL, MOAÑA”, presentadas pola empresa COVSA – CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A., asinadas polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes,

Visto o informe da Intervención municipal emitido o 14 de agosto de 2009, no que emite reparo como consecuencia,”entre outras deficiencias, da falta de documentación de incorporación preceptiva, do incumprimento de prazos definidos na normativa, do non reaxuste das anualidades previstas ns cláusula 6.1 do prego ou do incumprimento do prazo de execución das obras”,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Resolver o reparo emitido polo interventor municipal para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo: Aprobar as seguintes certificacións parciais da obra “Construción de vestiarios para o campo de fútbol de Moaña”

- Nº 1, de data 31 de marzo de 2009, polo importe de 45.582,72 euros.
- Nº 2, de data 30 de abril de 2009, polo importe de 41.634,69 euros.
- Nº 3, de data 25 de maio de 2009, polo importe de 17.879,07 euros.
- Nº 4, de data 30 de xuño de 2009, polo importe de 32.755,91 euros.
- Nº 5, de data 31 de xullo de 2009, polo importe de 59.123,18 euros.

Terceiro: Aprobar as seguintes facturas de COVSA – CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., recoñecendo a obriga con cargo á partida 4520.62200:

- Nº 290326, de data 31 de marzo de 2009, polo importe de 45.582,72 euros.
- Nº 290470, de data 30 de abril de 2009, polo importe de 41.634,69 euros.
- Nº 290583, de data 25 de maio de 2009, polo importe de 17.879,07 euros.
- Nº 290795, de data 30 de xuño de 2009, polo importe de 32.755,91 euros.
- Nº 290906, de data 31 de xullo de 2009, polo importe de 59.123,18 euros.

13.- CONCESIÓN PREMIO POR NATALIDADE A UN TRABALLADOR DO CONCELLO.

Vista a solicitude do 29 de xullo de 2009 de D. Pablo Rúa Santomé, traballador laboral fixo do Concello de Moaña solicita o premio por natalidade para o que achega certificación de nacemento do Rexistro Civil de Moaña,

Visto o informe favorable do interventor municipal para a concesión desta premio por nacemento de fillo/a por importe de 90,15 euros.

Visto o artigo 19 do convenio colectivo do persoal laboral de Moaña,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder un premio por natalidade ao traballador D. Pablo Rúa Santomé, por importe de 90,15 euros, con cargo á partida 1210.16204.

14.- AXUDAS EXTRASANITARIAS PERSOAL LABORAL

Visto o escrito de D. Julio Fernández Fernández, traballador laboral fixo do Concello, do 22 de xuño de 2009 no que adxunta informe médico e factura por gastos odontolóxicos para solicitar axudas extrasanitarias segundo convenio de persoal laboral,

Visto o convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Moaña,

Visto o informe favorable do interventor municipal do 11 de agosto de 2009 que, segundo o gasto xustificado polo solicitante, conclúe o importe da axuda en 380 euros (100% da endodoncia e 50% do gasto xustificado de prótese: 100 € + 280 €),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga por importe de 380 €, en concepto de axudas extrasanitarias a D. Julio Fernández Fernández, con cargo á partida 1210-16204.

15.- MOBILIDADE

15.A) D. José Cordeiro Santos, por instancia do 11 de agosto de 2009, solicita unha zona de carga e descarga en Avda. José Costa Alonso, nº 28, de 9:00 a 14:00 horas.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía local do 13 de agosto, que indica que se podería sinalizar no lugar solicitado un tramo duns 12 metros, fronte a entrada do supermercado Tandy, no lugar no que hai un rebaixe na beirarrúa. Propón que o horario debería ser similar aos existentes noutros puntos, en concreto na rúa M. Núñez está de luns a venres de 08:30 a 13:30 e de 16:00 a 18:00 (tempo máximo 15 minutos).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a carga e descarga solicitada de acordo co informe do inspector-xefe da Policía local.

15.B) D. José Manuel González solicita unha zona de carga e descarga na rúa Navas de Tolosa, á altura do número 2B, no que está instalada a empresa Distribuciones Verde,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a solicitude por non haber sitio suficiente para aparcamento.

16.- DENEGACIÓN DE CONEXIÓN Á REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AUGA

D^a. Isabel Currás Durán solicita autorización para conectar coa rede municipal de saneamento da vivenda situada en Piñeiro, 115, para o que achega recibo do pago do IBI,

Visto o informe **desfavorable** do aparellador municipal do 22 de xuño de 2009 á conexión solicitada, por comprobar que existen expedientes de reposición da legalidade urbanística iniciados a nome da solicitante da conexión, no barrio de Piñeiro, nº 115, cos números 23/04 e 64/08,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a conexión solicitada polo motivo recollido no informe do aparellador municipal.

17.- INCLUSION DE ACTUACION DENTRO DO PROXECTO ESTRATEXICO DE INFRAESTRUCTURAS NO MEDIO RURAL 2009(PEIM RURAL 2009) NO ANO 2009

O Concello de Moaña ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais (PEIM RURAL 2009), consistentes en Mellora de Infraestrutura no camiño de Veigadarca e Mellora de Infraestrutura viaria en Peixeira.

Manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e COMPROMETESE a:

Posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.

A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.

Asumir unha vez recepción das obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

Acreditar que a persoa designada D. Xosé Manuel Millán Otero (Alcalde do Concello) para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.

Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no referido artigo 72 que impide modificación importantes nos cinco anos seguintes:

- a) Que afecten a súa natureza ou as súas condicións de execución.
- b) Que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.

O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito Concello.

O Concello, antes da adjudicación definitiva da obra e sen prexuício dos demais requisitos esixidos pola Normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

18.- ADQUISICIÓN DE TERREO PARA AMPLIACIÓN DE ACCESO AO CAMPO DE FÚTBOL DO CASAL.

Informa a Alcaldía da necesidade de adquirir unha parcela para realizar a ampliación do camiño do Cantiño, como acceso ao campo de fútbol do Casal. Dita ampliación figura incluída dentro do PEIM-2008, financiado pola Consellería de Medio Rural, e urxe a súa execución para poñer en marcha a instalación deportiva.

O expediente inclúe levantamento topográfico asinado polo enxeñeiro agrícola D. Francisco Díaz Juncal, así como certificación catastral do inmovible. A finca ten unha superficie catastral de 88 m² e presenta os seguintes lindeiros: Norte, entrada; Sur, entrada; Este, entrada; e Oeste, D. José García Portela. A referencia catastral é 36029A055000590000IU, parcela 59 do polígono 55 de Moaña e pertence a Dna. Cándida Molanes Abal, se ben no Catastro figura a nome de Dna. Teresa Santomé Molanes.

Segundo informe de valoración suscrito pola asistencia técnica municipal, o prezo da finca sería de 7.065,52 €, a razón de 80,29 € por metro cadrado.

No expediente xustifícase a imposibilidade de promover a concorrencia para a adquisición do ben, posto que non é posible a ampliación do camiño sobre outros lindantes, ao tratarse de solares edificadas. É procedente polo tanto a adxudicación directa, tal e como se desprende do informe do secretario municipal de 15 de agosto de 2009.

Á vista destes antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Autorizar a compra da parcela 59 do polígono 55 de Moaña, con referencia catastral 36029A055000590000IU, de 88 m², propiedade de Dna. Cándida Molanes Abal.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 7.065,52 € para o pago da mesma, con cargo á partida 4320.600.00 do orzamento en vigor.

TERCEIRO: Facultar a Alcaldía para a sinatura de todos os documentos pertinentes para a execución destes acordos.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 10:30 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.